

BASES PARA A CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR

A presente convocatoria ten por obxecto fixar as bases que rexirán para a selección dun posto de traballo dentro do marco do programa Leader Galiza 2007 - 2013 para o GDR 24 Terras de Compostela.

1.-Definición do posto que se pretende cubrir:

A convocatoria vai enfocada a cubrir o posto de Técnico/a co perfil que se define no apartado 4.

2.-Características da contratación:

A) O equipo técnico será contratado pola Asociación "Terras de Compostela" mediante un proceso selectivo que respectará os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Despois dun período de proba, procederase á contratación en firme do/a Técnico/a (con xornada parcial ou completa).

O equipo técnico encargarse da información e asesoramento á poboación sobre os fondos Leader de Galicia 2007-2013 e outras posibilidades de desenvolvemento e recursos, así como do acompañamento e asesoramento na xestión dos proxectos presentados ao programa LEADER, actuando sempre baixo a supervisión da Xunta Directiva da Asociación "Terras de Compostela" á que dará conta de todas as súas actuacións e coa que se coordinará estreitamente. Dadas as características do territorio pretendemos contar cun equipo interdisciplinario, móbil e dinámico que viaxe constantemente polo territorio para divulgar ou difundir información e para asesorar individualmente aos promotores dos proxectos. O seu horario será flexible en función das necesidades de cada momento e situación.

B) Natureza da prestacións de servicios: A relación entre os adxudicatarios das prazas e a Asociación "Terras de Compostela" terá carácter laboral, formalizándose a tal efecto o contrato correspondente.

C) Tipo de contrato: A contratación laboral, por obra ou servizo determinado, previsto e regulado no art. 15 do Estatuto dos Traballadores e o art. 2 do Real Decreto 2720/1998, terá unha duración máxima ata o 31 de decembro de 2015, sempre en función da evolución do Programa Leader Galicia 2007-2013, e poderá reducirse ou finalizar se se cumpren os obxectivos do programa ou a finalidade para o que foi creado o posto de traballo.

D) Obxecto do contrato: A xustificación da temporalidade do contrato de obra ou servizo determinado será a que dure a xestión dos fondos do programa Leader de Galicia 2007-2013.

E) Período de proba: O período de proba será de 6 meses para o posto de Técnico/a.

3.-Salarios:

O salario bruto anual será de:

-Técnico: 23.000 €/ano

- As persoas seleccionadas farán unha declaración (Anexo I) na cal conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar á compatibilidade.

4.-Funcións posto de Técnico

- Xeración de ideas sobre proxectos a desenvolver, metodoloxías de execución, comunicación coa poboación, etc.
- Colaboración coa xerencia para promover a dinamización territorial e a mobilización social de cara a acadar unha efectiva participación da poboación, para o desenvolvemento de novas iniciativas, en especial as derivadas da aplicación do programa Leader, Proxectos de Cooperación Interterritorial ou Proxectos Piloto.
- Dinamización de todas as posibles iniciativas que poidan xurdir no territorio.
- Apoio técnico para a selección dos proxectos e acompañamento dos promotores na evolución e implantación do proxecto.
- Realización de informes, análises de viabilidade, e seguimento de proxectos Leader (Informes, xustificacións, realización de actas, visitas aos proxectos, etc.).
- Coordinación e execución de actividades de proxectos que lle sexan encomendados.
- Dinamización social e interlocución coa poboación para axudar a que esta defina propostas de actuacións a realizar por parte do propio Grupo, a equipa técnica, etc.
- Formulación de proxectos do GDR.
- Realización de estudos de mercado, plans de viabilidade das iniciativas vinculadas ao Programa LEADER.
- Organización e asistencia técnica nas asembleas, xuntas directivas e outras reunións.
- Desenvolver accións, tarefas ou ferramentas para a dinamización e difusión do Programa e do GDR (seminarios, xornadas, folletos, paxina web, accións de formación, etc.), cumprindo coa normativa europea en materia de información e publicidade.
- Asesorar e informar aos socios da Asociación Terras de Compostela tanto individualmente como organizados na Asemblea Xeral, nas Mesas Sectoriais ou na Xunta Directiva, do desenvolvemento do PDR.
- Arquivo de expedientes, preparación de trámites administrativos, correspondencia, e outras de ámbito administrativo
- Todas cantas actividades, relacionadas co seu cargo, acorde a Xerencia ou a Xunta Directiva da Asociación, para acadar os obxectivos do PDR.

5.-Proceso de selección

A selección realizarase en tres fases. A puntuación máxima será de 100 puntos:

-1ª FASE: **PROBA ESCRITA**. Poderanse obter ata **50 puntos** e a proba vai consistir nun exame tipo test sobre as materias que máis adiante se detallan. As 20 mellores notas desta proba pasarán a seguinte fase, en caso de empate na nota de corte, o desempate resolverase coa valoración de méritos segundo baremo establecido no Anexo II.

-2ª FASE: **VALORACIÓN DE MÉRITOS**. Poderase obter ata un máximo de **25 puntos**. (Ver anexo II sobre valoración de méritos do posto). As 15 mellores notas resultantes da fase 1ª e da fase 2ª pasarán a terceira e última fase.

-3ª FASE: **ENTREVISTA**. Ata un máximo de **25 puntos**. Os entrevistadores procurarán atopar as persoas máis axeitadas para os postos tendo en conta as motivacións, experiencias anteriores, actitudes, desexo de aprender... A entrevista será dirixida, preparada e desenvolverase en galego por ser a lingua vehicular coa poboación.

6.-Requisitos mínimos dos aspirantes

Para a categoría de Técnico establécense os seguintes:

- Posuír titulación mínima de Diplomatura Universitaria/Enxeñería técnica.
- Coñecemento da Lingua Galega a través de xustificación académica do CELGA-4 (ou equivalente).

7.-Procedemento

As instancias debidamente cubertas, anexo I, xunto co curriculum vitae e anexo II, deberán ser enviadas ao enderezo electrónico da Asociación (info@terrasdecompostela.com) ou ben por correo postal a: Asociación Terras de Compostela - Ponte Maceira s/n - 15.864 Ames (A Coruña)

Incluindo:

- a) Copia da documentación esixida (Punto 6.- Requisitos mínimos).
- b) Copia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

Os interesados presentarán a documentación acreditativa dos méritos, no prazo de 10 días naturais contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria na prensa e debendo ter entrada no rexistro da Asociación antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación. Toda documentación que chegue en data posterior, quedará fora do proceso.

O resto de fases selectivas, a saber, proba escrita e entrevista, así como calquera información relevante deste proceso, será publicada na páxina web da asociación www.terrasdecompostela.org.

Abrirase un periodo de reclamacións de dous días despois da publicación de cada resultado das probas selectivas.

8.-Proba escrita

Acceden a esta proba aqueles candidatos que cumpran os requisitos mínimos esixidos para o posto.

Unha vez aprobada a lista definitiva de admitidos/as, será publicada dita lista, así como o anuncio da convocatoria da proba, no Taboleiro de Anuncios da Asociación e na páxina web da mesma, no que se indicará a data e lugar de celebración.

A data da proba escrita será establecida a posteriori da data de presentación de méritos e publicada na páxina web de Terras de Compostela.

Aplicarase aos candidatos unha proba escrita tipo test sobre a seguinte materia:

A. Resolución do 30 de maio de 2008 pola que se publica o Acordo do 30 de maio polo que se aproban as **bases reguladoras** para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se convoca o correspondente proceso de selección.

B. Normativa sobre a materia:

- REGLAMENTO (CE) en 1698/2005 DEL CONSEJO de 20 de setembro de 2005 relativo a la ayuda al desarrollo rural a través del Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER).
- REGLAMENTO (CE) No 1974/2006 DE LA COMISIÓN de 15 de decembro de 2006 por el que se establecen disposiciones de aplicación del Reglamento (CE) en

1698/2005 del Consejo relativo a la ayuda al desarrollo rural a través del Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER).

C. Plan de Desenvolvemento Rural Terras de Compostela.

D. Aspectos socioeconómicos do territorio de Terras de Compostela.

A devandita materia está dispoñible na páxina Web de Terras de Compostela.

9.-Valoración de méritos

A fase de méritos accederán unicamente ás 20 mellores puntuacións acadadas na fase de proba escrita que será realizada na sede de Feiraco.

Ver anexo II.

10.-Entrevista

Acceden a esta proba as 10 mellores notas obtidas da suma da valoración da proba escrita máis do concurso de méritos.

As persoas que aspiren á praza terán que responder ás preguntas expostas polo tribunal, valorándose o seguinte:

Técnico/a:

- Coñecemento profundo do territorio: físico e técnico (problemática...).
- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade para comunicar.
- Capacidade de escoita para recoller dos veciños/as, dos grupos e das asociacións os problemas e necesidades que formulen.
- Disposición e capacidade para aprender do rural.
- Empatía e capacidade para animar. Carácter positivo e optimista.
- Defensa do currículum vitae.
- Calquera aspecto relacionado co temario indicado no apartado 8 das presentes bases de selección de persoal.
- Valorarase que fale inglés con soltura.

11.-Comisión de selección

Formarán parte da comisión de selección do persoal:

- Membros da Xunta Directiva da Asociación Terras de Compostela.

TITULARES E SUPLENTES

- José S. Montes Pérez - Presidente
- Ana Paramós Cebey - Secretaria
- Eugenio Pichel López
- Roberto Pardal Coca
- Ignacio Rodríguez Sáez

Suplentes:

- Tomás Díaz Castiñeira
- Rubén Iglesias Pazos
- Javier Facal Calvo
- José María Juncal Míguez

A comisión, poderá contar co asesoramento, de persoas ou entes, alleos á mesma, para a valoración das probas.

Aos membros do órgano de selección, seralles de aplicación os principios de abstención e recusación, contemplados na lei 30/1992 do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- Participará un representante de Agader con voz e sen voto.
- De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:
 - 1) Puntuación no examen na proba escrita
 - 2) Puntuación por méritos

12.-Publicación de resultados da selección.

O resultado do proceso de selección virá determinado pola suma das puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de proba escrita, na fase de valoración de méritos e na fase da entrevista.

A Comisión de Selección publicará os resultados das fases do proceso de selección, así como calquera información relevante do mesmo, na páxina web da asociación www.terrasdecompostela.org, na páxina web de Agader e no taboleiro de anuncios da Asociación Terras de Compostela.

13.-Lista de agarda

Ao final do proceso de selección procederase a ordenar aos 10 candidatos que non acceden ao posto de Técnico/a en función da cualificación final obtida de maior a menor coa fin de crear unha lista de agarda.

Dita lista será utilizada para cubrir as posibles baixas ou vacantes do posto de Técnico, así como para a contratación do posto de Administrativo/a e incluso de ser necesario, para a realización de contratacións puntuais de persoal técnico necesario para desenvolver o Plan de Cooperación do GDR Terras de Compostela.

ANEXO I

PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR DA ASOCIACIÓN “TERRAS DE COMPOSTELA” (GDR-24) NO MARCO DO PROGRAMA LEADER DE GALICIA 2007-2013.

D./Dna			
NIF:		Data de nacemento	
Enderezo:			
C.P		Concello	
Provincia		Tfno. fixo:	
Tfno. móbil		Fax	
Correo-e			

Desexa participar no proceso de selección de:

☐ Técnico/a.

DECLARA que os méritos alegados no Anexo II son certos, o que se pode comprobar documentalmente.

DECLARA non estar incurso/a nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas nin Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

E COMPROMÉTESE a que, no caso de cambiar durante o proceso selectivo as circunstancias declaradas no parágrafo anterior, dará cumprida información deses cambios ao Tribunal responsable do proceso, que actuará en consecuencia.

En, a de..... de 2010.

Asdo.:

PRESIDENTE ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA

CONCURSO DE MÉRITOS:**TÉCNICO DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE COMPOSTELA****MÉRITOS VALORABLES E OBXECTO DE PUNTUACIÓN:**

Para a presentación dos documentos empregarase o documento adxunto seguindo a orde, forma e instrucións no mesmo indicadas.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA:

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos nesta epígrafe será de **6 puntos**.

1) Titulación Media: Diplomatura ou Enxeñaría Técnica (requisito excluínte do proceso de selección en caso de non presentalo).

2) Titulación Superior: Licenciatura ou Enxeñería Superior.

b) Titulación Superior: 3 puntos.

c) Acreditación dunha segunda titulación: 0,5 puntos.

3) Master, Postgrao ou cursos de especialización cunha duración superior a 300 horas.

d) Especializado en Desenvolvemento Rural ou Local: 1 punto.

e) Especializado en Administración Pública: 1 punto.

f) Especializado en Dirección Comercial ou Marketing: 1 punto.

g) Outros cursos de Postgrao: 0,5 puntos.

Soamente se valorarán para efectos desta epígrafe, os expedientes académicos e titulacións obtidos en España ou noutro país da Unión Europea, así como os títulos obtidos en estados que tivesen acordos bilaterais con España que supuxesen a validación das titulacións ou os homologados polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

II. FORMACIÓN CONTINUADA

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de **6 puntos**.

Pola asistencia, debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Administración Pública ou organismos acreditados que teñan relación ou contido relacionado con materias de xestión e administración (office, contabilidade, fiscalidade,...)

b) Cursos de formación acreditados pola Administración Pública ou organismos acreditados en desenvolvemento rural.

Por crédito: 0,20 puntos.

Por hora: 0,020 puntos.

▪ Os cursos deben establecerse no currículum vitae ordenados segundo os seguintes apartados:

a) Formación en xestión e administración.

b) Formación en materia de desenvolvemento rural.

▪ Os cursos valoraranse preferentemente polos créditos que teñan recoñecidos. No seu defecto os cursos valoraranse polas horas que resulten do certificado. Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que determine.

- Non se computarán os cursos que se presenten cunha antigüidade superior a 10 anos dende a data do seu remate.

III. COÑECEMENTOS DE LINGUAS

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos nesta epígrafe será de **2 puntos**.

- a) É requisito excluínte a non presentación do Curso de Celga 4 (Perfeccionamento de Lingua Galega).
- b) Diplomas acreditativos de coñecemento de Inglés: 1 punto
- c) Diplomas acreditativos de coñecemento de Francés: 1 punto
- d) Diplomas acreditativos de coñecemento de Portugués: 1 punto
- e) Diplomas acreditativos de coñecemento de outros idiomas: 0,5 puntos

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos neste epígrafe será de **9 puntos**.

No cómputo, contaránse como meses aqueles que consten de 30 días (agás Febreiro no que se contará como mes enteiro 28 ou 29 días no seu caso).

- a) Por cada mes completo de servizos prestados na xestión de proxectos comunitarios ou programas de desenvolvemento rural, en organismos ou institucións, sexan de carácter público ou privado, orientadas ou con contido de desenvolvemento rural (organización de eventos, feiras, xestións con institucións públicas, xestión de subvencións, etc.): 0,09 puntos (a puntuación máxima acadable neste epígrafe será de **6 puntos**).
- b) Por cada mes completo de servizos prestados formando parte dos programas Leader, Proder ou Agader: 0,07 puntos (a puntuación máxima acadable neste epígrafe será de **4 puntos**).
- c) Por cada mes completo de servizos prestados en proxectos europeos vinculados a axudas á Comunidade Autónoma Galega (outros á marxe do desenvolvemento rural): 0,07 puntos (a puntuación máxima acadable neste epígrafe será de **2 puntos**).
- d) Por cada mes completo en postos de xerencia de negocios ou dirección comercial: 0,05 puntos (a puntuación máxima acadable neste epígrafe será de **2 puntos**).

- A mesma experiencia (mesma empresa, institución, organismo público ou asociación nas mesmas datas) non será computable en máis dun item.
- A acreditación dos servizos prestados en Institucións Públicas farase a través de certificación expedida polo responsable do servizo de persoal ou servizo equiparable do centro público que corresponda.
- A prestación de servizos en institucións privadas deberá acreditarse coa presentación de certificación da empresa na que se fagan constar categoría e duración. No caso de que se trate da empresa actual poderase eximir ao candidato de presentar o certificado da empresa (por motivos de confidencialidade) e presentarse no seu caso un documento xurado da descrición do posto de traballo. En tódolos casos se entregará informe de cotizacións expedido polo do órgano correspondente da Seguridade Social (Informe de Vida Laboral).
- Os servizos prestados en institucións, tanto públicas como privadas, dalgún país integrante da UE acreditaranse por medio da certificación oficial expedida polo órgano que proceda do país en cuestión e, de ser necesario, exixirase a súa homologación por parte da oficina diplomática española do país de que se trate.
- A experiencia laboral acreditarase por certificación da empresa onde se realizou o traballo, polo informe de vida laboral e por contrato laboral.

V. OUTROS

Certificado de empadramento nalgún dos 10 concellos que compoñen e integran o territorio do Grupo de Desenvolvemento Rural 24 – “Terras de Compostela”: **2 puntos.**

CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- Ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración Pública ou atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Estar incurso en causa legal de incapacidade ou incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a norma vixente, deixando a salvo o dereito de opción que ésta outorgue.

REQUISITOS INDISPENSABLES:

- Posuír título en Diplomatura Universitaria/Enxeñería Técnica. (véxase apartado I).
- Posuír título acreditativo do Curso de Celga 4 (Perfeccionamento de Lingua Galega (véxase apartado III).

PROCEDIMENTO E FASES:

Asemade, ademáis da documentación solicitada, os candidatos deberán adxuntar o seu Curriculum Vitae, no que apareza claramente definida a súa traxectoria profesional así como os proxectos levados a cabo. Este Curriculum presentarase en lingua galega e segundo a orde establecida neste Anexo.

Os interesados presentarán a documentación acreditativa dos méritos, no prazo de 10 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa e debendo ter entrada no rexistro da Asociación antes das 14 horas do último día no que remata o prazo de presentación. Toda documentación que chegue en data posterior, quedará fóra do proceso.

Para a presentación dos documentos empregarase o documento adxunto seguindo a orde, forma e instrucións no mesmo indicadas.

O envío da documentación farase sempre por correo electrónico ao e-mail:

info@terrasdecompostela.org, ou ben por correo postal antes da data indicada á Asociación Terras de Compostela – Lg Ponte Maceira S/N (15.864 Ames- A Coruña) indicando no asunto

Referencia: TÉCNICO/A -Terras de Compostela;

O listado de candidatos que superen ditos méritos publicarase con D.N.I e nome e apelidos, na páxina web de Terras de Compostela, así como no taboleiro de anuncios da sede de Terras de Compostela (Ponte Maceira S/N 15.864 - Ames).

Unha vez publicado este listado preverase un prazo de reclamacións de 2 días hábiles a partir de dita publicación, publicándose a continuación un listado definitivo de candidatos aptos.

A documentación orixinal ou compulsada que acredite a veracidade dos méritos indicados neste documento poderase solicitar en calquera fase do proceso de selección.

A información relevante ao proceso de selección publicarase en www.terrasdecompostela.org, no taboleiro de Anuncios da sede de Terras de Compostela (Ponte Maceira S/N 15.864, Ames) e na páxina de web de Agader.

ANEXO II TÉCNICO/A

Presentación de Méritos dos Aspirantes:

IDENTIFICACIÓN DO ASPIRANTE:

Apelidos	Nome	N.I.F.										Data de Presentación

I. FORMACIÓN ACADÉMICA:

FORMACIÓN ACADÉMICA	Aportado S/N*	Puntuación Máxima	Puntuación Estimada**	Puntuación Total***
a) Titulación Diplomatura/ Enxeñaría Técnica				
b) Titulación Licenciatura/ Enxeñaría Superior		3,00		
c) Segunda Titulación Superior		0,50		
d) Título Master ou Postgrao en Desenvolvemento Rural ou Local		1,00		
e) Título Master ou Postgrao en Administración Pública		1,00		
f) Título Máster ou Postgrao em Dirección Comercial ou Marketing		1,00		
i) Outros Cursos e Postgraos		0,50		
TOTAL		6,00		

II. FORMACIÓN CONTINUADA:

FORMACIÓN CONTINUADA	Aportado S/N*	Nº Horas/ Créditos	Puntuación Máxima	Puntuación Estimada**	Puntuación Total***
a) Formación en programas de xestión e administración			6,00		
b) Formación en materia de desenvolvemento rural					
c) Número de créditos			0,20 cada crédito		
d) Número de horas			0,02 cada hora		
TOTAL FORMACIÓN CONTINUADA			6,00		

ANEXO II TÉCNICO/A

Presentación de Méritos dos Aspirantes:

Observacións para cubrir este apartado: No apartado b) contaránse o número de cursos de formación que se acrediten, poñendo o total correspondente (por exemplo 5, significará que o candidato acredita presentar cinco cursos de dita materia). Nos apartados c) e d) consignaranse de forma excluínte, ou ben o número de créditos ou ben o número de horas, en función do que corresponda pola acreditación correspondente, multiplicando estas cifras pola puntuación máxima para acadar a estimada polo aspirante.

III. COÑECEMENTOS DE LINGUAS:

COÑECEMENTOS DE LINGUAS	Aportado S/N*
a) Curso de Perfeccionamiento de Galego (obligatorio e excluínte)	
b) Cursos Avanzados de Idiomas Estranxeiros (INGLÉS)	
c) Cursos Avanzados de Idiomas Estranxeiros (FRANCÉS)	
d) Cursos Avanzados de Idiomas Estranxeiros (PORTUGUÉS)	
e) Cursos Avanzados de Outros idiomas	
TOTAL COÑECEMENTOS LINGUAS	

Puntuación Máxima	Puntuación Estimada**	Puntuación Total***
1,00		
1,00		
1,00		
0,5		
2,00		

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL:

EXPERIENCIA PROFESIONAL	Aportado S/N*	Meses acreditados	Puntuación Máxima	Puntuación Estimada**	Puntuación Total***
a) Experiencia acreditada en xestión de programas de desenvolvemento rural			6,00		
b) Experiencia programas Leader, Proder ou Agader			4,00		
c) Prestados en proxectos europeos vinculados a axudas á Comunidade Autónoma Galega			2,00		
d) Experiencia en xerencia de negocio no ámbito privado			2,00		
e) Informe de Vida Laboral					
TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL			9,00		

- **Observacións para cubrir este apartado:** Deberán terse en conta as indicacións aportadas no documento explicativo dos Méritos en canto ó número de días que computan como mes completo. **A mesma experiencia (mesma empresa, institución, organismo público ou asociación nas mesmas datas) non será computable en máis dun item.**

ANEXO II TÉCNICO/A

Presentación de Méritos dos Aspirantes:

V. OUTROS:

OUTROS	Aportado S/N*	Concello	Puntuación Máxima	Puntuación Estimada**	Puntuación Total***
a) Certificado de Padrón nalgún concello do GDR- 24 Terras de Compostela			2,00		

Marcar cunha "X" na casilla correspondente:

OUTROS	Inmediato	1 semana	15 días	Superior a 15 días
b) Plazo de Incorporación				

A cumprimentar polo candidato a título informativo:

OUTROS	Salario Bruto Ano	Variable (no caso de percibirse)	Complementos (dietas, Km, etc.)	Expectativas Salariais Bruto Ano
c) Condicións Salariais Actuais o Últimas	€	€		€

OUTROS	SI/NO	OUTROS	TIPO
d) Traballa actualmente:		e) Tipo Contrato no caso de que traballe:	

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ASPIRANTE:

Apelidos	Nome	N.I.F.										Data de Presentación
												____ / ____ / ____

Puntuación Global	Formación Académica	Formación Continuada	Coñecemento de Linguas	Experiencia Profesional	Outros	Puntuación Total
Total Máxima 25						

ANEXO II TÉCNICO/A

Presentación de Méritos dos Aspirantes:

Observacións Xerais para cubrir este Anexo:

Non cubrir as zonas sombreadas.

*** A cubrir cun "S" no caso de aportar a documentación asociada ó epígrafe correspondente.**

**** A cubrir polo aspirante.**

***** A cubrir por TERRAS DE COMPOSTELA.**

Observacións Xerais para o envío da Documentación Acreditativa dos Méritos:

- **Únicamente será válida a documentación aportada conforme as instrucións definidas no documento explicativo dos Méritos e sempre que se cumpla o presente documento no formato indicado. Asemade prégase identificar os documentos mediante o nome especificado no ítem correspondente.**